

ien galego!

NATIONAL  
GEOGRAPHIC

# RIBADAVIA

O MELLOR DA CIDADE



CON FOTOGRAFÍAS INÉDITAS NO INTERIOR



**Autores**

Susana Castiñeira Lampón

Laura González Ibáñez

Marta López Gabián

Lydia Lorenzo Cisneros

**Fecha de edición**

Outubro 2014


**Editorial**

IES Alexandre Bóveda 3ºB

# RIBADAVIA

O MELLOR DA CIDADE







CÓMO CHEGAR.....	6
XEOGRAFÍA.....	7
HISTORIA.....	8
PATRIMONIO HISTÓRICO E ARTÍSTICO DE RIBADAVIA.....	10
ARTE.....	12
PERSONAXES; HEROÍNA DOS CINCOCENTOS XUDEUS.....	13
FAUNA E FLORA DE RIBADAVIA.....	14
FESTAS.....	16
MITOS E LENDAS.....	20
QUE VER?.....	24
CAMIÑANDO.....	25
ONDE COMER.....	27
ONDE DURMIR.....	28





## CÓMO CHEGAR



Ribadavia está situada nas seguintes coordenadas: 42° 17' 16" N 8° 08' 33" O.

**Como chegar desde Vigo:** saíndo da Praza de España, seguimos pola Avenida de Madrid e tomamos a A55 en dirección a Tui. Ao chegar a Porriño collemos a A52 en dirección Madrid e

despois de 40 km tomamos a saída cara a Ribadavia. Vigo atópase a 65 km da cidade.

**Como chegar desde Ourense:** neste caso, poderemos utilizar a estrada vella, N120, ou a A52, en ambos casos con dirección Vigo. Ourense está situado a 25 km de Ribadavia.

**Como chegar desde Santiago de Compostela:** collemos a A53 ata preto de Ourense, onde enlazamos coa A52, dirección Vigo. Santiago está a 109 km de Ribadavia.



## XEOGRAFÍA

Ribadavia é un municipio español (con capital de mesmo nome) situado no suroeste da provincia de Ourense en Galicia, pertencente a Comarca do Ribeiro e que conta cuns 5.500 habitantes. A etimoloxía do seu nome significa “á beira do río Avia”.

A Comarca do Ribeiro atópase entre as serras de Faro e Suído, entre unha serie de vales (Miño, Avia, Arnoia e Barbantiño).

Dos 25,2 km cadrados que ocupa Ribadavia, 3.000 hectáreas están dedicadas ao viñedo, polo que a vide é o elemento principal da paisaxe. Isto prodúcese porque o terreo está rodeado de relevos montañosos e resgardado da influencia oceánica.

Esta terra conta cun microclima seco e cálido, pero húmido durante o período invernal. Ademais está bañada por unha extensa rede fluvial.





## HISTORIA

Os primeiros poboadores de Ribadavia foron os celtas, seguidos polos romanos, que se dedicaron á extracción do ouro e do uso das augas termais. Ademais construíron numerosas igrexas e altares.

Dende o ano 754 ao 793 Ribadavia estivo baixo o mando dos musulmáns. Foi reconquistada por Alfonso II.

Entre 1065 e 1071, Ribadavia foi a capital do Reino de Galicia, polo poder da igrexa e pola comercialización exitosa do viño.

Un século máis tarde prosperou na vila unha comunidade hebrea que tivo unha gran relevancia na produción do viño polos seus contactos no norte de Europa. O barrio xudeu foi declarado monumento nacional.



No ano 1375 comeza o señorío de Ribadavia cos Sarmiento (naturais da vila) nomeados señores da vila por Enrique II de Tras-

támara, que residían no castelo de Ribadavia, que despois mencionaremos.

Once anos máis tarde, os ingleses, baixo o mando do duque de Lancaster, invadiron Ribadavia durante nove meses. Nese mesmo século iniciáase a exportación do viño do Ribeiro por toda España, Francia, Portugal, Italia e en especial Inglaterra.

O dominio dos Sarmiento reforzouse no 1476 coa institución do Condado de Ribadavia (título nobiliario), privilexio concedido polos Reis Católicos como pago pola axuda na guerra.





Vinte anos máis tarde, os monarcas expulsaron aos xudeus dos territorios e moitos optaron por converterse ao cristianismo.

Un século máis tarde mandáronse con destino a América cento vinte e sete pipas de viño Ribeiro, polo que alcanzou un enorme prestixio internacional.



Incluso Cervantes nomea a Ribadavia como a nai do viño en dúas das súas obras.

Non hai datos relevantes da vila ata tres séculos despois, cando aparece na comarca unha praga nas vides, iniciando a maior época de fame en Ribadavia. Uns anos máis tarde, a praga volveu a atacar os cultivos e deu lugar a unha especie de vide de menor calidade.

En 1881 inaugurouse a estación de ferrocarril de Ribadavia,

un paso importante da vía férrea entre Vigo e Ourense.



A vila foi unha das primeiras poboacións galegas en recibir a chegada da república española. O seu alcalde foi detido e fusilado.



A cidade foi declarada Monumento Histórico-Artístico en 1947



## PATRIMONIO HISTÓRICO E ARTÍSTICO DE RIBADAVIA.

### O castelo de Ribadavia

Son as ruínas da antiga vivenda dos Sarmiento (os que foron os condes do lugar), e que tivo orixe nos primeiros anos da Reconquista. Pasado un tempo por el tamén pasaron a Condesa de Traba e o rei Alfonso VII. Finalmente e de maneira definitiva, no ano 1375, Henrique II de Trastámara concedeuulle o señorío, así como a propiedade de Ribadavia, aos Sarmiento. Sen embargo, os condes abandonaron a construción no século XVII para trasladar a súa vivenda a praza maior, ao carón do castelo que se encontra na mesma praza.



Neste século é cando o castelo sofre as últimas transformacións, conservando a súa imaxe ata agora.

---

### Barrio xudeu



Os xudeus chegaron a Ribadavia no século XI. No seu barrio desenvolvían a súa vida e tiñan a sinagoga (lugar de culto).

Cando os ingleses asaltaron a vila baixo o mando do duque Lancaster, foron os que máis se entregaron na súa defensa.



Estes continuaron aumentando en número nos séculos XIV e XV e a pesar das diferentes relixións os xudeus e os cristiáns formaron un só pobo de afecto e amizade. Por esta razón supuxo para a vila un tremendo sufrimento que no ano 1492 os Reis Católicos expulsaran aos xudeus de España.

---

### Pazo dos Condes



Actualmente está ubicada a oficina de turismo pero este pazo barroco pertenceu a familia Sarmiento ou condes de Ribadavia. Data do século XVII e está comunicado co castelo a través do patio superior.

### Convento de Santo Domingo de Ribadavia

O conxunto está composto polo convento e a igrexa. Foi construído no século XIII en estilo gótico. A fundación do convento, que está vinculado ao apóstolo San Pedro Telmo, foi ocupado pola Orde de Galicia e é un dos conventos máis antigos dela. Este ten a fachada neoclásica e a igrexa é de estilo gótico con detalles do románico. Ten tres naves e conserva, no interior, unha serie de sepulcros. O conxunto foi declarado Monumento Nacional en 1931.





## ARTE

**A LIRA DE RIBADAVIA:** é a banda de música da vila, formouse en 1840 e está considerada como a máis antiga de Galicia.



**TEATRO:** xorden na vila as Mostras de Teatro Amencer de Ribadavia e son organizadas pola agrupación que lles dá nome. Entre 1973 e 1980 fixéronse oito mostras que tiveron moito éxito. Nela coñeceuse a primeira xeración de dramaturgos profesionais galegos, coma un dos representantes do grupo Amencer, Roberto Vidal Bolaño. Nos dramaturgos dos anos 60 e 70 destaca Álvaro Cunqueiro.



Roberto Vidal Bolaño



Ávaro Cunqueiro



## PERSONAXES; HEROÍNA DOS CINCOCENTOS XUDEUS

“Un home de estatura elevada, barbudo e sucio, tapado cun abrigo de mendigo, está acurrucado nunha esquina do único banco de madeira do andén. Leva todo o día mirando de reollo pasar vagóns Miño abaixo. Cae a noite de abril sobre a estación de ferrocarril de Ribadavia. A voz sae do quiosco famoso polas rosquillas, doces de améndoas e licor café que rexentan as irmás Touza: <<Mira ese home, leva todo o día aí sentado sen coller un tren...>>. Ano 1941. Europa desgárrase na II Guerra Mundial. Os xudeus que poden escapan ata a mesmísima fin do mundo para fuxir das chamas do Holocausto. Lola, unha das irmás da cantina, non dubida en achegarse ao forasteiro. Fálalle en español. El responde, cos seus tristes ollos azuis, en linguas que ela non coñece. Compaixón? Instinto? A galega nunca explicou por que deu refuxio na súa casa a aquel desfarrapado. Pero fíxoo.”





## FAUNA E FLORA DE RIBADAVIA

Ribadavia atópase entre dúas serras, a saber, a serra do Faro e a serra do Suído. Por esta razón, pódese dicir que a fauna e a flora deste lugar toma unha mestura das respectivas das serras.

-Fauna e flora que toma da serra do Faro: entre os invertebrados destácase o cervo voante, e entre os vertebrados podemos destacar anfibios coma a salamandra rabilarga e réptiles coma o lagarto verdinegro. Ademais, destácase a presenza da chamada culebra bastarda.

Con relación ás aves que poboan a serra do Faro e que habitualmente se deixan ver polos ceos de Ribadavia podemos resaltar o aguilucho cenizo, o gabián e o alcotán europeo.

Entre os mamíferos, destacan os morcegos e a presenza do lobo común.

No que respecta á vexetación e á flora: como nomeábamos anteriormente, podemos observar certos exemplares propios da serra do Faro coma por exemplo formacións de “brezales de Erica” e turbeiras repletas de lique.





-Fauna e flora que toma da serra do Suído: entre os invertebrados que poboan esta serra destácase a *geomalacus maculosus*, comunemente chamada lesma.

En relación coas aves, resaltamos aves de rapina coma por exemplo o falcón abelleiro e a aguia culebreira.

Na familia dos mamíferos, os máis abundantes son o chamado desmán ibérico, e nos ríos próximos ao municipio podemos atopar a nutria europea. Mais á parte de todas estas especies, nas propias rúas de Ribadavia nunca se esquece a presenza do can doméstico.

No que respecta á vexetación e á flora: destácanse os bosques de aliso común e de freixo norteño, e as formacións de esfagno, así como as extensas áreas de matorral. Hai que subraiar tamén a estancia do narciso e do salgueiro.





## FESTAS

### FESTA DA "ISTORIA"

Festa medieval de orixe xudía que se desenvolve nos días 29 e 30 de agosto. Ten como obxectivo recuperar a tradición ancestral. A xente que desfruta da festa vístese con traxes desta época que se poden alugar. Ademais pódense probar comidas tanto medievais coma xudías

e realizar outras actividades entre as que se atopa o Torneo Medieval



simulación dunha voda xudía. O máis curioso desta festa son os maravedís, moedas exclusivas para usar nesta celebración, que acaba coa típica cea medieval.









## FEIRA DO VIÑO

Declarada como de interese turístico nacional, a Feira do Viño celébrase dende hai máis de cincuenta anos. Miles de persoas de todas as rexións españolas acoden a Ribadavia para gozar dos caldos a finais de abril e principios de maio. Conta cun mercado medieval e de artesanía, concertos e postos de degustación de viño.



## MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO (MIT)

É o festival internacional de teatro máis importante do teatro galego. Celébrase dende hai trinta anos no mes de xullo. A ela

acuden as mellores compañías teatrais nacionais e internacionais para representar uns traballos de extrema calidade. Ten lugar no auditorio do castelo.



## VIRXE DO PORTAL

Celébrase en setembro os días 5, 6, 7, 8 e 9 en honor á Virxe do Portal. Nesta festividade pódese desfrutar de actos relixiosos e de actuacións musicais orquestrais.





## SEMANA SANTA EN RIBADAVIA

Trátase dunha festa relixiosa na que se realizan diversas procesións durante a semana na que se desenrola. A procesión máis destacada é a dos Caladiños, que sae ás rúas o Xoves Santo e o Encontro na praza Maior, así como o Santo Enterro. Todo comeza co popular Domingo de Ramos, no que, durante unha misa, se sae en procesión para bendicir os ramos.

Esta festividade remata xusto na semana seguinte, no chamado Santo Domingo coa realización da misa principal.

Os tres pasos máis destacados que se sacan en procesión son o Sudario, a Urna co corpo de Cristo e a Virxe da Dolorosa cunha coroa de espiñas.

Sen dúbida unha tradicional celebración digna de ver e gozar.





## MITOS E LENDAS

-Don Pedro Álvarez de Soutomaior, conde de Camiña, chamado Pedro Madruga, mantiña un conflito cos Sarmiento de Ribadavia polos límites terrenais. Acordaron entón marcalos da seguinte maneira: os dous deberían saír dos seus castelos ao canto do galo ata atoparse. Cantou sen

dúbida moi cedo, e, cando se dispoñía o Sarmiento a saír do seu castelo de Ribadavia, encontrouse ao pé da muralla, a Soutomaior a quen dirixiu o seguinte saúdo, que deu orixe segundo a tradición á alcuña de Don Pedro: "Madruga, Pedro, madruga".





·Cerca de Ribadavia vivía un ermitán de nome Pedro que era admirado e respectado pola súa bondade e coñecementos e que coñecía os segredos das augas subterráneas. Un día sentiuse enfermo e, crendo que ía morrer, sentouse á porta da súa casa a agardar a morte. Nese momento pasou ante a súa morada un xove pastor que, vendo que o ancián se atopaba mal, prometeulle traer a un médico para que o curase. Así o fixo o mozo, que a partir dese intre se converteu en

amigo do ermitán. Por aquel tempo, unha xove do pobo chamada Aurora encaprichouse do pastor, que a rexeitou. Esta, para vingarse, escondeulle ao xove nun bolsillo o cáliz da igrexa, que previamente roubara, e acusouno de ladrón. O pobo, enlouquecido, apedreouno ata matalo. O ermitán, enfadado, desviou as augas que estaban encauzando cara a Ribadavia e dirixiunas a Ourense, onde afloraron no manancial das Burgas.





**Unha  
mirada a  
Ribadavia**

# GUÍA DO TURISTA

*Cidade de  
historia*



## QUE VER?

### Os chozos

Son unhas construcións en pedra nas que se refuxiaban os pastores da serra do Suído para coidar do gando e que, pénsase, proveñen dos séculos XII-XIII.

Ao redor dos chozos encontrábanse os cortellos. Cada familia tiña o seu e resgardaban aos tenreiros. Rodeándoo, había lousas verticais que delimitaban a zona de cada construción.

Situábanse nunha zona da montaña de maneira estratéxica, para aproveitar as súas ladeiras e protexerse do vento.



### Pozas de Prexigueiro

Estas termas atópanse en Prexigueiro, moi preto de Ribadavia, rodeadas por un entorno natural de bosque. Son de pedra e a auga varía entre os 36 e os 41 graos. Son cinco pozas ao aire libre quentes, ademais de dúas frías. O circuíto chámase "Kumano Kodo" cuxo nome fai referencia á mención do camiño de peregrinación xaponesa do mesmo nome. Poderase comprobar que son realmente augas termais polo cheiro a xofre e sales que desprenden, que son moi beneficiosas para a pel e o noso corpo.







## Museo etnolóxico de Ribadavia



### HORARIO:

Martes a venres : 12:00 a 14:00 h.

17:00 a 19:00 h.

Sábados e domingos: 11:30 a 14:00 h.

## CAMIÑANDO...

### Do Miño ao Arnoia

Este doado paseo ten o seu comezo no lugar da Barca, preto da ponte que salva o río Miño, unindo Salvaterra con Arnoia. Na primeira parte andaremos pola ribeira do Miño, indo polo camiño que levaba ao antigo embarcadoro de onde saían as barcas que cruzaban á xente dunha beira a outra antes de que houbera ponte. A altura do balneario collemos un paseo con

chan de terra que vai pola marxe do río Arnoia e que nos leva ata a área de lecer de Caneirón, coa súa pontella, muíño e mesas de pedra. Achegámonos logo á antiga casa reitoral (hoxe establecemento hosteleiro) e a igrexa de San Salvador, en Outeiro Cruz. O camiño de volta facémolo pola outra ribeira do Arnoia e logo do balneario, metémonos nunha carballeira ata enlazar co camiño da ida.





## Val do Avia

Partindo da área recreativa A Veronza en Ribadavia camiñase pola senda do Avia ata chegar ao cruce coa senda de San Cibrao. Neste punto hai que desviarse para subir ata A Torre. Dende aquí, ascéndense ós montes de Esposende por pistas de pronunciada pendente ata chegar ao alto. Dende as ante-

nas, descéndese polos montes de San Cibrao ata Camporredondo pasando polo Museo Galego do Viño e pola casa rural Casa de Armán. Xa dende San Andrés de Camporredondo, báixase ata o río onde se retoma, xa de volta, a senda do Avia para chegar de novo á área recreativa da Veronza.



Despois dun paseo recoméndase especialmente probar os viños da Denominación de Orixe Ribeiro que, xunto coas famosas roscas, amendoados e melindres fan as delicias dos máis esixentes padais





## ONDE COMER

**RESTAURANTE PLAZA:** un dos comedores máis tradicionais de Ribadavia, o Restaurante Plaza é un acerto cando se quere degustar algún típico prato galego. A súa cociña, caseira, simple e saborosa, especialízase en pratos a base de pescados e anguías, cocidos, empanadas e boa carne de porco. Son moi recomendables as súas sobremesas, todas caseiras e deliciosas. O restaurante conta cunha apaixonante bodega de viños do Ribeiro.



**TABERNA O PAPUXA:** en pleno barrio xudeu de Ribadavia, temos esta taberna que vai de mans en mans, de pais a fillos, e que aporta un trato familiar e unha experiencia inesquecible. Ofrece un excelente viño caseiro e o serve cada un directamente do barril. Ademais, tamén se poden desfrutar diversas tapas de xamón, queixo, bo pan... e dependendo do día no que se visite, deliciosa empanada da casa.

**RESTAURANTE CELTA:** o restaurante Celta foi recentemente aberto e propón un menú típico galego. Preparan e serven polbo, patacas bravas, pementos de Padrón ou luras á romana. Tamén ten á disposición unha carta de viños do país: Ribeiro, Albariño,... que se serven nas xerras tradicionais galegas.





## ONDE DURMIR

Entre os mellores aloxamentos que podemos atopar en Ribadavia encóntranse os pazos, lugares ao estilo rural, moi típico de Galicia. En Ribadavia poderíamos destacar dous:

### Pazo Casa dos Ulloa



sala de conversas e a sala de estar.

Permite unha capacidade de 2 a 12 persoas, constando de cinco habitacións de matrimonio. No interior destas, poderase facer uso dunha televisión e de calefacción propia dispoñible para cada unha destas. No exterior atópase o aparcamento, para todos os residentes. As salas comúns son a




---

### Pazo de Esposende

Permite unha capacidade de 2 a 25 persoas, xa que consta de dúas habitacións de matrimonio, oito habitacións dobres e unha habitación tripla. Ademais de calefacción e televisión na habitación, poderán gozar dunha terraza e acceso a internet na mesma. O pazo tamén conta con distintas salas como o comedor, a sala de conversas, de estar e de xogos; das cales poderán facer uso todos os hospedados.





**Lugares de Interés**

- 1 Oficina Municipal de Turismo
- 2 Concello e Torre do Castro (s. XIII)
- 3 Portas da Muralla (s. XII - XIII)
- 4 Igrexa de Sta. María Madalena (s. XIII)
- 5 Rúa dos Fornos e Extramuros (s. XII - XIV)
- 6 Igrexa de Santiago (s. XII)
- 7 Museo Etnolóxico (pas. S. VIII)
- 8 Vista Ponte de Ferro estilo Eiffel
- 9 Casa da Inquilinación (s. XIV)
- 10 Igrexa de San Xoán (s. XII)
- 11 Igrexa e Convento de San Francisco (s. XIV)
- 12 Igrexa de Sta. María de Oliveira (s. XII)
- 13 Castelo dos Condes de Ribadavia (s. IX - XII)
- 14 Igrexa e Convento de San Domingos (s. XII - XIV)
- 15 Igrexa do Nra. Sra. do Portal (s. XIV - XVI)
- 16 Capela de San Lázaro (s. XII)
- 17 Confluencia dos ríos Avia e Miño

**Ribadavia FESTA da ISTORIA - 09 Ribadavia**

Centro Sociocomunitario

17

